

A CIG leva xa varios meses protestando pola situación en que se atopa o SEPE. Unha aplicación que se puxo en marcha antes de estar rematada, un cambio normativo que non simplificou case nada, una formación en liña que non era de calidade e falta de persoal.

Ademais dos escritos fixemos concentración de diante das catro dirección provinciais do SEPE en Galicia, expuxemos as nosas demandas nas reunións, enviamos notas á prensa e tamén contactamos có BNG para solicitar apoio político.

Por parte do BNG veñen de presentar unha Moción na Comisión de Traballo do Senado para instar ao Goberno a adoptar, canto antes, medidas para recuperar os postos perdidos na Galiza, levar a cabo unha revisión e simplificación REAL da normativa e paliar os problemas que está producindo a aplicación ALMA.

O Deputado nacionalista Nestor Rego, tamén dirixiu unha serie de preguntas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á falta de medios e persoal nas oficinas do SEPE.